

# INFORMACIÓN BÁSICA MÚSICA

CPI PLURILINGÜE DE VEDRA CURSO 22/23

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## 2º ESO

### Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa

diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

### Contidos mínimos

1. Recoñecemento dos parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, coa utilización dunha linguaxe técnica apropiada.
2. Distinción e emprego dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
3. Improvisación e interpretación de estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
4. Coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
5. Interpretación de pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
6. Práctica da relaxación, da respiración, da articulación, da resonancia e da entoación.
7. Adquisición e aplicación das habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas.
8. Coñecemento e posta en práctica das técnicas de control de emocións.
9. Práctica, interpretación e memorización de pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.
10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
11. Participación activa en agrupacións vocais e instrumentais.
12. Seguemento de partituras como apoio á audición.
13. Valoración e aplicación do silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
14. Toma de conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana.
15. Distinción das diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
16. Coñecemento e descrición dos instrumentos tradicionais españois.
17. Emprego dun vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

18. Comunicación de coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
20. Coñecemento e utilización dalgunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e ferramentas para a actividade musical.

#### Temporalización

Na 1ª avaliación:

1. Coñecemento e descrición dos instrumentos tradicionais españois máis representativos e usuais.

Na 2ª avaliación e na 3ª avaliación:

1. Seguemento de partituras sinxelas como apoio á audición.
2. Utilización de xeito guiado de recursos como apoio á análise musical.
3. Utilización de diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular e revisión crítica desas producións.

Na 3ª avaliación:

1. Improvisación e interpretación de estruturas musicais elementais construídas sobre a escala maior e a pentáfona e os ritmos máis comúns.
2. Realización de improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
3. Descrición dos elementos máis sinxelos das obras musicais propostas. (ritmo, melodía, orquestración).
4. Toma de conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana.
5. Participación na elaboración de traballos de indagación sobre a contaminación acústica en grupo.
6. Contribución á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical.
7. Coñecemento dalgunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilización como ferramentas para a actividade musical.

Nas tres avaliacións:

1. Recoñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. Recoñecemento de ritmos sinxelos e dos compases binario e ternario a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
3. Identificación e transcripción de ditados de patróns rítmicos e melódicos sinxelos.

4. Distinción dos elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; os tempos principais).
5. Utilización dos elementos e dos recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
6. Canto das pezas vocais propostas tratando de emitir a voz correctamente.
7. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
8. Aplicación das habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación.
9. Posta en práctica das técnicas de control de emocións.
10. Práctica, interpretación e memorización de pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras moi sinxelas.
11. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
12. Participación activa en agrupacións vocais e instrumentais.
13. Identificación das sonoridades dos instrumentos máis coñecidos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
14. Identificación das sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
15. Valoración e aplicación do silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
16. Emprego dalgún concepto musical para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
17. Recoñecemento e interpretación dalgunhas manifestacións da danza.
18. Distinción dalgunha función que cumpre a música na nosa sociedade.
19. Valoración e respecto da importancia do patrimonio musical español.
20. Práctica, interpretación e memorización d algunha peza vocal, instrumental e unha danza do patrimonio español.

### Criterios de calificación

A materia de Música é eminentemente práctica e consta de contidos teóricos que se traballan mediante a práctica instrumental e auditiva.

A nota de cada avaliación constará do traballo diario nas clases, da participación nos proxectos do Departamento e de probas orais, escritas ou virtuais.

Traballo de clase: 80%

Proba escrita: 20%

A calificación de cada avaliación será a resultante da media aritmética das probas realizadas e valórase do 1 ao 10.

Para ter unha calificación de aprobado, será necesario acadar unha puntuación de 5. (suficiente) en cada unha das avaliacións.

As avaliacións suspensas poderán ser recuperadas mediante actividades de reforzo e probas escritas sobre a materia en cuestión.

A calificación final será a media aritmética das calificacións acadadas nas tres avaliacións, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para promocionar de curso.

### 4º ESO

#### Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- e) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- h) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### Contidos mínimos

1. Aplicación das habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación e colaboración co grupo respectando as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
2. Lectura partituras como apoio á interpretación.
3. Coñecemento e cumprimento das normas establecidas para realizar as actividades da aula.
4. Interpretación e memorización dun repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.

5. Coñecemento e utilización axeitada de técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
6. Utilización con autonomía de recursos informáticos ao servizo da creación musical.
7. Análise e comentario das obras musicais propostas, coa axuda de diversas fontes documentais.
8. Lectura e análise de partituras como apoio á audición.
9. Análise de críticas musicais e utilización dun vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
10. Utilización rigorosa dun vocabulario axeitado para describir a música.
11. Recoñecemento e comparación dos trazos distintivos de obras musicais, e descrición cunha terminoloxía axeitada.
12. Situación da obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
13. Coñecemento e explicación do papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
14. Coñecemento das testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e situálos no seu contexto histórico e social.
15. Análise a través da audición de músicas de distintos lugares do mundo e identificación as súas características fundamentais.
16. Recoñecemento e explicación das características básicas da música española e da música popular urbana.
17. Realización de traballos e exposicións sobre a evolución da música popular.
18. Utilización dos recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
19. Selección e utilización de recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
20. Utilización das fontes de información e dos procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
21. Coñecemento e consulta de fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.

#### Temporalización

En todas as avaliacións:

1. Aplicación das habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
2. Lectura de partituras como apoio á interpretación.
3. Coñecemento e cumprimento das normas establecidas para realizar as actividades da aula.
4. Interpretación e memorización dun repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
5. Utilización con autonomía crecente de recursos informáticos ao servizo da creación musical.
6. Lectura e análise de partituras como apoio á audición.



7. Utilización con rigor dun vocabulario axeitado para describir a música.
8. Situación pezas moi salientables da obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
9. Coñecemento dalgunha das testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e situálas no seu contexto histórico e social.
10. Análise a través da audición algunha das músicas de distintos lugares do mundo e identificación das súas características fundamentais.
11. Utilización dos recursos básicos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.
12. Selección e utilización recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
13. Comprensión da transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
14. Coñecemento e consulta de fontes de información impresa ou dixital.

Na 2ª e 3ª avaliacións:

1. Coñecemento e utilización de xeito guiado de técnicas, recursos e procedementos compositivos básicos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
2. Análise e comentario dalgunha das obras musicais propostas, coa axuda de fontes documentais.
3. Análise de críticas musicais e utilización dun vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
4. Recoñecemento e comparación dos trazos distintivos dalgunhas obras musicais, e describirlas utilizando unha terminoloxía axeitada.
5. Recoñecemento e explicación das características básicas da música española e da música popular urbana.

Na 3ª avaliación:

1. Coñecemento e análise do proceso de creación seguido dalgunhas producións musicais (discos, programas de televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.
2. Explicación do papel da música nalgunhas situacións e contextos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
3. Utilización da información de xeito crítico, obtendóola de distintos medios e utilízala e transmitíla utilizando distintos soportes.

Criterios de calificación

A materia de Música é eminentemente práctica e consta de contidos teóricos que se traballan mediante a práctica instrumental e auditiva.

A nota de cada avaliación constará do traballo diario nas clases e da participación nos proxectos do Departamento e de probas orais, escritas ou virtuais.

Traballo de clase: 80%

Proba escrita: 20%

A calificación de cada avaliación será a resultante da media aritmética das probas realizadas e valórase do 1 ao 10.

Para ter unha calificación de aprobado, será necesario acadar unha puntuación de 5. (suficiente) en cada unha das avaliacións.

As avaliacións suspensas poderán ser recuperadas mediante actividades de reforzo e probas escritas sobre a materia en cuestión.

A calificación final será a media aritmética das calificacións acadadas nas tres avaliacións, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para promocionar de curso.